


A RENOVACIÓN COMPLETA DA PRAZA E MERCADO DE MONTE ALTO




O mercado tradicional de abastos de Monte Alto creouse nos anos 80, cando se acometeu a construción do antigo edificio sobre un descampado de titularidade municipal entre a avenida de Hércules e as rúas Joaquín González, Forcarei e Conto.



O obxectivo, ao igual que na actualidade, era darlle servizos de proximidade á cidadanía e, en paralelo, erixir un novo punto de encontro para a veciñanza. No mercado, ademais dos tradicionais postos de peixe e carne, así como os de produtos lácteos e froita, tamén había postos comerciais.



No ano 2023, case catro décadas despois da posta en marcha do mercado municipal, o Concello da Coruña iniciou os traballos de rehabilitación dunha dotación fundamental para o barrio, na que o Goberno de Inés Rey inviste máis de 9,9 millóns de euros. Isto permitirá modernizar o mercado municipal de Monte Alto na súa totalidade e adaptalo ás demandas actuais da cidadanía. Trátase do maior investimento no barrio en décadas, que permitirá a renovación total de máis de 15.000 metros cadrados de espazo público.



Entre as medidas destacadas, cómpre incidir no reforzo que se está a facer nas infraestruturas e estruturas orixinais do mercado, co obxectivo de adaptar o edificio aos seus usos futuros, e tamén co obxectivo de facelo máis eficiente enerxeticamente. Ademais, acometerase un amplo abano de melloras na contorna do mercado: ademais da reforma da Escola Infantil Municipal, reurbanizarase a rúa Joaquín González para que pase a ser de prioridade peonil, humanizarase a praza superior do mercado e tamén se habilitará un novo elevador exterior na rúa Forcarei, coa finalidade de reforzar a accesibilidade tanto ao mercado como á propia praza.

ASÍ SERÁ A SÚA TRANSFORMACIÓN

A PRAZA DE MONTE ALTO

A nova praza terá unha superficie similar á existente, e incorpora a nova Escola Infantil Municipal de Monte Alto no sector norte.

Cara a avenida de Hércules haberá unha futura aliñación de arboredo e unha marquesiña de autobuses que incorpora un ascensor de uso para o mercado municipal e o aparcadoiro inferior.

Na cara orientada á rúa Forcarei terá presenza un ascensor de uso público, anexo a un lateral da Escola Infantil Municipal de Monte Alto, e que servirá de saída e comunicación vertical para unir todo o edificio.



ESCOLA INFANTIL DE MONTE ALTO

Co seu traslado e renovación, a Escola Infantil Municipal de Monte Alto proxéctase nunha soa planta, completándose cun patio exterior. O recinto está composto por unha sala multiusos central que organiza o espazo, con catro unidades de aulas e aseos.

A sala polivalente estará aberta á praza e incorporará nese lateral un acceso cuberto. No interior, despacho de dirección, vestiario e área de descanso. No lado oposto, cara a rúa Conto, haberá unha bancada interior e unha escala exterior que dará acceso á cuberta-patio.

PRIMEIRO ANDAR

A nova praza interior do mercado municipal de Monte Alto será unha gran superficie aberta ás tres rúas perimetrais, enlazando con elas a través de escaleiras e ramplas.

A futura configuración do mercado posibilitará ata seis accesos ao interior, desde o perímetro: catro filtros de entrada con portas semiautomáticas e dous por ascensor, dos que un deles será directamente ao interior do mercado desde a avenida de Hércules.

Neste andar estarán habilitados os diversos postos comerciais: peixaría, carnizaría, froitaría, floraría, cantina, venda de artículos a granel...



Cómpre destacar que para a carga e descarga do mercado resérvanse prazas de estacionamento próximas aos accesos nas rúas perimetrais, así como outras prazas extra no primeiro soto do edificio, xunto ao montacargas e as dársenas de carga.

LOCAIS VECIÑAS

O novo mercado municipal de Monte Alto contará con dous locais polivalentes, independientes e illados acusticamente. O más reducido, de 80 metros cadrados, contará con almacéns e aseos propios; o más amplio, de 180 metros cadrados, terá un grande espazo de almacenaxe, aseos e vestuarios.

SOTOS

Nos dous sotos baixo a rasante está localizado o aparcadoiro público do mercado municipal, que tamén se remodelará para mellorar a accesibilidade xeral exterior e interior, tanto para os vehículos como para as persoas con mobilidade reducida. En total, haberá 111 prazas distribuídas en dous andares.

Do total de prazas, hai unha previsión dun 10% de PMR, destinadas a persoas con mobilidade reducida, e outro 10% para o estacionamento de vehículos lixeiros.

Ademais, instalarase un novo ascensor interior con acceso directo ao propio mercado, así como á praza do nivel superior, xa na superficie.

A RENOVACIÓN DAS RÚAS PERIMETRAIS

A rehabilitación do mercado municipal de Monte Alto levará aparelladas unha serie de melloras nas rúas linderas ao edificio. É o caso da rúa Conto e Forcarei, que manterán os espazos de descarga de vehículos lixeiros e serán pavimentadas coa nova xeometría da beirarrúa en contacto co mercado.

Na avenida de Hércules reduciranse os carrís de tres a dous para facilitar que a praza do nivel superior gañe espazo peonil. Vaise urbanizar e pavimentar a beirarrúa, con máis arboredo.



Ademais, a rúa Joaquín González será repavimentada para convertirla nun novo espazo peonil, en plataforma única, urbanizándoa baixo estándares en sintonía coa estética do futuro mercado.

O MERCADO PROVISIONAL, NA PRAZA INDALECIO PRIETO

En abril do ano 2023, unha vez comezou a execución das obras, o Concello habilitou un mercado provisional situado na praza Indalecio Prieto, que está a darlle servizo ao barrio ata o remate dos traballos de modernización do antigo mercado. Os prazos das concesións dos praceiros e praceiras suspendéronse mentres duren as obras, e reduciuse á metade a súa cota.



Queres saber máis sobre a rede de Mercados Municipais da Coruña?
Lembra que podes consultar toda a información en coruna.gal.